

# *Los “nubeiros” o tempestarios de Galicia* de Vicente Martínez-Risco, dedicado a Pedro Chico


Ana María FELPETO GARCÍA

Universidad Complutense de Madrid  
ana\_mari\_fel@hotmail.com

[Recibido, xaneiro 2009; aceptado, febreiro, 2009]

Unha noite de verán, camiñando polas rúas de Toledo, un grupo de mozos que estabamos a facer un curso de arqueoloxía atopamos con algo realmente inusual. Subiamos cara á Praza de Zocodover cando atopamos na esquina da rúa, un montón de cartapacios e caixas cheas de revistas e periódicos dos anos anteriores e posteriores á Guerra Civil.

Coleccións de mapas, documentos sobre terreos agrícolas, coleccións de recortes sobre aviación, revistas, todo clasificado e correctamente ordenado en carpetas. Isto estaba nunha esquina da rúa esperando que o camión do lixo viñese a recollelo. No medio de todo isto atopei unha “Separata del “Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Orense”. Data do ano 1943. A publicación da separata correu a cargo do xornal “La Región”, un xornal galego que publica en castelán. Fundado en 1910 e publicado na cidade de Ourense. Estabamos todos entusiasmados revolviendo naquelas caixas cheas de papeis. Os rapaces collían recortes relacionados cos deportes, a nosoutras chamábanos máis a atención as carpetas que contiñan cousas sobre a República e a época franquista xa que nos parecía útil para traballos académicos. Deixei de buscar nas carpetas e empecei a remexer nunha caixa enorme que contiña documentación solta. Foi aí onde atopei a “separata”. A miña sorpresa foi cando a abrí e vin que estaba asinada. Non estaba segura de que a firma fose de Vicente Risco, despistábame o nome da portada: Vicente Martínez - Risco (descoñecía o apelido Martínez en Risco). O meu entusiasmo ao abrir a separata foi pensar que estivera escrita en galego, que aquel pequeno libreto tivera contidos en galego. O título sorprendeume porque contén unha palabra en galego: *Los “nubeiros” o tempestarios de Galicia*.



No interior había unha dedicatoria: “A Don Pedro Chico con el afecto de V. Risco” (vid. Imaxe)

Era don Pedro Chico o dono de toda aquela cantidade de documentación? Investigando sobre esta persoa obtiven o seu nome completo: Don Pedro Chico y Rello, nacido en Soria en 1893 e falecido en 1985. Foi un home dedicado á docencia. Era xeógrafo, quizais na súa profesión radica a relación con Vicente Risco. Chegou a Soria en

1917 para tomar posesión da cátedra de Xeografía na Escola Normal. En Soria chegou a relacionarse con xente de alto nivel cultural, como Antonio Machado.

O seu pai Martín Chico y Suárez naceu o 17 de xullo de 1864 en Murcia, pero estudou en Madrid para mestre. Aprobou de forma brillante as súas primeiras oposicións e foi nomeado mestre de escola en Illescas (Toledo).

Este último dato é a única relación que atopo entre Pedro Chico e Toledo. Lembro que non impresionou a todos que a caixa grande, onde eu atopei a separata, estivese marcada. Non lembro se puña “Cosas de mi padre” ou “Cosas de mi abuelo”. Só lembro a nosa indignación ao lermos aquilo, xa que nos parecía increíble que alguén puidese desfacerse de algo que parecía o tesouro dun home tan culto e intelixente.

O contido da separata trata sobre a tormenta e as lendas que xiran ó seu redor. Conta cunha pequena introdución e sete apartados nos que vai explicando como se entende na tradición popular galega a tormenta e o raio. A sarabia é a destrutora das colleitas no mundo rural galego. A tormenta, o raio son elementos máis relacionados co descoñecido, co misterio e coa maxia.

Risco fai numerosas referencias a Murguía para explicar algúns termos lingüísticos relacionados coa maxia e as tormentas.

Inclúe exemplos de acontecementos relacionados coa capacidade dalgunhas persoas para provocar tormentas.

Explicáanos en que consiste o labor do nubeiro ou tronador, os medios de defensa contra eles, as oracións a Santa Bárbara, e un apartado de como desconxurar os tronos.

A separata foi escrita por Risco na súa etapa franquista, na que só escribía en castelán. A vinculación de Risco con Otero Pedrayo levárao outra vez a escribir en galego e sobre Galicia.

Ninguén o pensou dúas veces, todos colleamos algo daquel montón de papeis. Cando rematamos de ollar todo, comezamos a berrar: “Quen busca República?”, “Quen quere entrevistas a Maura?”

Mentres, eu amosáballes a separata e dicíalles: Mirade, está asinada!. Eles non entendían o meu entusiasmo xa que non coñecían a Vicente Risco. Aínda que non estaba segura de que fose o Risco do Cenáculo Ourenán, as palabras en galego que contiña o texto, que estivese publicado en Ourense e que tratase un tema como o da tormenta leváronme a gardar a separata nunha das carpetas que levei.

É satisfactorio cando estás lonxe da casa, da familia e da túa outra media “cultura” atopar cousas así. Coido que aquela noite aprendemos máis cousas que en dúas semanas de curso. Pasamos horas tirados na beirarrúa, rematamos coas mans cheas de po. Esquecemos por completo a hora e o lugar ó que iamos. Foi para todos unha experiencia única. Todos ficamos coa estraña sensación de que algo importante podía quedar alí tirado e ía ser destruído.